

**“Obradoiros de fotografía social como acompañamento da exposición
‘Imaxes con Fondo’”**

QUEN REALIZARÁ A ACTIVIDADE	Felipe Carnotto (1986), fotógrafo vigués gañador do concurso “Imaxes con Fondo” II (2014) e creador da exposición “Nicaragua. O futuro”, financiada e promovida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Xunta de Galicia.
PERÍODO DE REALIZACIÓN	De abril a novembro de 2016.
A QUEN VAI DIRIXIDA	Esta actividade está dirixida a aqueles Concellos/Deputacións integrantes do Fondo Galego interesadas en acoller a exposición “Imaxes con Fondo” en centros de ensino no período comprendido entre abril e novembro de 2016. Hai que ter en conta que o público obxectivo é o alumnado de 14 anos en adiante.
Nº DE ACTIVIDADES OFERTADAS	Un total de 10 Concellos/Deputacións socias do Fondo Galego poderán beneficiarse desta actividade.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A presente actividade contempla a realización de dez (10) obradoiros de fotografía social de dúas horas de duración por parte de Felipe Carnotto, a efectuarse en centros de ensino para acompañar á exposición “Imaxes con Fondo”. Os obradoiros poderán efectuarse en unha ou dúas sesións, en función das necesidades do centro. Os temas a tratar no obradoiro serán: a imaxe como ferramenta do cambio social, a historia da fotografía documental, que é o fotoxornalismo, o respecto polas persoas fotografadas. Ademais, será visionado o traballo de Felipe Carnotto en Nicaragua e na ruta d@s refuxiad@s. Por último, o obradoiro rematará cunha actividade práctica na que o alumnado tirará as súas propias fotografías co seu teléfono móbil.
PÚBLICO OBXECTIVO	Mozas e mozos de entre 14 e 18 anos de idade.
OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE	- Promover a participación no concurso fotográfico ‘Imaxes con Fondo III’ - Chamar á reflexión sobre os contidos das imaxes e o mundo que as mesmas constrúen
RECURSOS TÉCNICOS PARA REALIZAR A ACTIVIDADE:	Proxector e pantalla ou parede adecuada para proxectar. Cadeiras para o alumnado. As alumnas e alumnos deberán levar o seu teléfono móbil para practicar a toma de fotografías segundo as aprendizaxes que adquiren.
PRAZO E FORMA DAS SOLICITUDES	Os socios interesados deberán realizar a súa solicitude por escrito ao enderezo electrónico rmansilla@igadi.org , indicando as datas de reserva da exposición ‘Imaxes con Fondo’ e o interese en acoller esta actividade complementaria, entre o 18 de marzo e o 18 de abril de 2016. Se é posible, deberase indicar tamén o lugar no que se acollerá a exposición e a data orientativa na que interesaría acoller o obradoiro de fotografía, que poderá ealizarse en unha sesión de dúas horas ou en dúas de unha hora. No caso de que haxa máis solicitudes que número de actividades dispoñibles realizarase unha selección no que se valorará positivamente: <ul style="list-style-type: none"> - Ter reservado a exposición ‘Imaxes con Fondo’ previamente á apertura do prazo de solicitudes desta actividade complementaria. - Participación nas dúas últimas xuntanzas da RMS - Ter acollido exposicións/ciclos e cine no pasado ano - Ter incrementado a cota mínima que establece o Fondo Galego